



DATOS IDENTIFICATIVOS

Organización dos servizos sociais

Materia	Organización dos servizos sociais			
Código	O05G220V01205			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Solar Rivera, María Mercedes			
Profesorado	Solar Rivera, María Mercedes			
Correo-e	mercedessolar@yahoo.es			
Web				
Descrición xeral	O sistema público de servizos sociais destinado a garantir unhas prestacións básicas ante situacións de necesidade ten unha identidade, normativa, estrutura, competencias, financiación etc. propias, e xunto con outros sistemas de protección social constitúese nun dos piares fundamentais do estado de benestar, sendo este sistema público un dos ámbitos principais de intervención do traballo social.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
A2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
A3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
A5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
A8	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
A9	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
A11	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
A12	Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
A18	Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
A21	Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
A24	Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade
A26	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
A27	Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
A31	Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
B1	Capacidade de análise e síntese

B3	Capacidade reflexiva
B8	Capacidade de xestión da información
B9	Resolución de problemas
B10	Toma de decisións
B12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
B14	Habilidades nas relacións interpersoais
B15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
B16	Razoamento crítico
B17	Compromiso ético
B18	Aprendizaxe autónoma
B24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer a evolución histórica dos servizos sociais, a súa configuración actual, a estrutura, os ámbitos de actuación e as competencias.	A31	
Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, comunidades e con outros profesionais.	A2	
Traballar de forma eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e o seu tempo de duración contribuíndo igualmente a abordar de forma construtiva os posibles puntos de vista existentes.	A26	
Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural [e, polo tanto, a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas etc.-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz.	A8	
Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.	A9	
Ser capaz de traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias.	A1	
Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, comunidades e con outros profesionais.	A2	
Ser capaz de traballar e valorar de forma conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias.	A1	
Preparar, producir, efectuar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os/as colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente con respecto á confianza, á proximidade, á afectividade, ás relacións igualitarias, á atención á diversidade cultural etc.	A12	
Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas en relación ás súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural [e, polo tanto, a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de plantarlle cara a unha sociedade ambientalmente sostible e de defender os valores da paz. Desenvolver as habilidades nas relacións interpersoais.	A8	B14
Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da súa natureza.	A21	
Establecer e actuar para resolver situacións de risco, despois da identificación e definición da súa natureza.	A21	B9
Demostrar capacidade de análise e síntese. Ser capaz de xestionar a información, de resolver problemas e de tomar decisións. Amosar habilidades nas relacións interpersoais. Posuír razoamento crítico, compromiso ético e sensibilidade cara a temas ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz etc.		B1 B8 B9 B10 B14 B16 B17 B24
Coñecer técnicas de análise da realidade social, investigar no marco das necesidades sociais e dar resposta desde os ámbitos dos servizos sociais.	A2 A8 A12	

Coñecer e comprender a organización, a estrutura xeral, os mecanismos de actuación e as principais prestacións e programas que configuran o sistema público de servizos sociais así como as súas competencias no ámbito estatal e autonómico.	A24 A27	
Traballar cun equipo de carácter interdisciplinar.		B12
Promover cambios favorables na vida dos individuos e familias a través da administración de recursos e servizos, colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a eficacia e asegurando a calidade.	A3 A8	
Procurar unha aprendizaxe autónoma.		B18
Participar na xestión e dirección de entidades do benestar social.	A5 A12	
Ser capaz de analizar e sintetizar, de crear, de autorresponsabilizarse e de pensar de maneira reflexiva e crítica ante o traballo.		B1 B3 B16 B17
Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián, administrar e responsabilizarse do propio traballo.	A5 A9	
Demostrar sensibilidade cara ás temáticas de concienciación social.		B15 B17 B24
Deseñar, efectuar e avaliar proxectos de intervención social e apoiar as persoas para que sexan capaces de manifestar as súas necesidades, circunstancias e proceder con autonomía.	A3 A18	
Coñecer as funcións profesionais do/a traballador/a social na xestión dos servizos sociais e a participación nas organizacións públicas e privadas.	A1 A11	

Contidos

Tema	
O sistema público de servizos sociais	Marco conceptual: natureza, obxectivos e prestacións básicas.
A organización territorial e competencial do sistema público de servizos sociais	Competencias estatais, autonómicas e locais.
A rede de atención dos servizos sociais	Ámbito público. Ámbito privado. Terceiro sector.
Marco normativo xeral dos servizos sociais	Contexto internacional. Contexto europeo. Normativa estatal. Normativa autonómica. Normativa local.
O sistema de servizos sociais na comunidade autónoma galega	Organización e estrutura.
Os servizos sociais comunitarios básicos e específicos	Organización, xestión e estrutura. Funcións do T.S.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Saídas de estudo/prácticas de campo	7	1	8
Presentacións/exposicións	2	6	8
Seminarios	3	6	9
Traballos tutelados	3	9	12
Actividades introdutorias	1	1	2
Traballos de aula	6.5	6.5	13
Outros	1	3	4
Sesión maxistral	22	44	66
Probos de tipo test	2	26	28

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Saídas de estudo/prácticas de campo	Visitas a institucións prestadoras de servizos sociais.
Presentacións/exposicións	Exposición, por parte do alumnado, ante o docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio ou proxecto. Pódese levar a cabo individualmente ou en grupo.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Empleganse como complemento das clases teóricas.

Traballos tutelados	O estudiantado, de xeito individual ou en grupo, elaborará aqueles exercicios que se lle encomende relacionados coa temática da materia e coa súa aprendizaxe, será supervisado e tutelado pola profesora sobre o que se refire á procura e recollida de información, á lectura e manexo de bibliografía, á redacción, á presentación, á exposición etc.
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto, reunir información sobre o alumnado e a presentar a metodoloxía docente, a avaliación e os contidos xenéricos da materia.
Traballos de aula	O/A estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión dos docentes.
Outros	Poderanse propoñer outras actividades destinadas a manter un contacto o máis achegado posible á realidade dos servizos sociais: comentario de novas, visita de expertos, etc...
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos, bases teóricas e/ou directrices sobre a materia obxecto de estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A docente, de forma individual ou en pequeno grupo, atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (na aula e titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Inclúese neste epígrafe a parte práctica da materia que suporá un 50% da cualificación final. Valorarase cada un dos traballos solicitados e presentados polo/a estudante de xeito individual e/ou en grupo. Será necesario ter realizado e aprobado cada un dos traballos propostos. Cómpre ter aprobada esta parte para facer media coa nota obtida na proba tipo test. Consideraranse dentro desta parte todos os traballos prácticos, exercicios, presentacións/exposicións e prácticas de aula realizadas. Solicitarase un dossier individual no que se inclúan todas as prácticas, exercicios e traballos realizados. Os traballos grupais deberán entregarse nos correspondentes informes. Considerarase parte do seguemento avaliable da parte práctica da materia a realización de probas aleatorias (resposta por escrito a preguntas; pequenos test...) tendentes a comprobar na aula a realización dos traballos e encargos solicitados. A nota da parte práctica da materia só fará media coa nota da parte teórica (exame) se é igual ou superior a 2,5.	50
Probas de tipo test	O /A alumno/alumna examinarase da parte teórica da materia desenvolta nas sesións maxistrais e nos seminarios. A nota obtida no exame da parte teórica será o 50% da nota total e só fará media coa nota da parte práctica se é igual ou superior a 2,5. Para o alumnado asistente, o exame constará de 40 preguntas con catro alternativas de resposta, das cales só unha é verdadeira. Cada dúas respostas incorrectas invalidarase unha resposta correcta. O corte do aprobado sitúase en 20.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modalidade de avaliación para estudantes presenciais con asistencia regular.

A planificación do proceso ensinanza-aprendizaxe esixe a presenza dos/as estudantes nas actividades prácticas que se desenvolverán durante o curso, en especial naquelas relacionadas coa adquisición de competencias relativas ao saber facer e ao saber ser (procedementais e actitudinais). Subliñar que non chega con «asistir» á clase, nin que o que se avalía é a asistencia do alumnado, senón que o avaliable son os resultados do proceso ensinanza-aprendizaxe reflectidos nos exercicios e actividades ben realizados e a participación activa e pertinente nas clases prácticas. Polo tanto esixiráselle ao estudiantado a súa presenza nas actividades ao longo do curso(verificable con listas de asistencia) non podendo faltar a máis de 5 clases prácticas durante o cuadrimestre (dun total de 23 clases prácticas distribuídas 16 en grupo mediano e 7 de pequeno grupo) e, así mesmo,esixiráselle a asistencia ás clases maxistrais non podendo faltar máis do 20 por cento do total (dun total de 20 horas poderá faltar a 4). O profesorado non lle pedirá ao alumnado explicación ningunha de por que non acode á clase. Se o/a estudante deixa de asistir, sexa cal sexa a circunstancia, terá que optar pola segunda modalidade de avaliación.

Modalidade de avaliación para estudantes non asistentes con regularidade.

O alumnado que opte por non asistir ás clases,non poida, ou pretendendo ser estudantes asistentes teñan máis faltas das permitidas, terán que demostrar o coñecemento dos aspectos procedementais e actitudinais da materia no exame final (convocatoria oficial). Nesta modalidade, a avaliación soamente se realizará a través do exame da convocatoria oficial e suporá o 100 % da nota. A parte teórica da materia pódese estudar por completo a través da bibliografía básica recomendada. En canto á parte práctica esixiráselle ao alumnado que saiba responder os contidos conceptuais, actitudinais

e procedementais desenvoltos ao longo do curso e que pode adquirir a través de textos existentes na biblioteca e dos apuntamentos da clase.

Convocatorias seguintes.

O alumnado da modalidade asistencial poderá recuperar as competencias non superadas derivadas da totalidade ou de parte das probas/actividades obxecto de avaliación na convocatoria de xullo. Os/As estudantes da modalidade non asistencial terán que repetir novamente o exame. A 1ª convocatoria, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva en xullo. Non se gardarán notas de ningunha parte da materia para o seguinte curso académico.

Bibliografía. Fontes de información

- *El sistema público de servicios sociales en España.* Alonso Seco, J.M. y Gonzalo González B.(1997) . B.O.E., Estudios Jurídicos, Serie Derecho Público, Madrid.
- **Casado, D. (1994):Ed. Popular (5ª ed.) MTeoría de las necesidades humanas.Los nuevos Servicios Sociales: síntesis de conceptos y evolución .Certeza. Zaragoza.**
- 3. Navarro S. (2004). *Redes Sociales y construcción comunitaria.* Editorial CCS, Madrid.**
- 4. VV. AA. (1988). *Siglo XXI.* Madrid.**
- 5. VV.AA. (1990). Centro de Publicaciones, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, Madrid.**
- 6. Alleman Brancho, M.C. y Garcés Ferrer, J. (1996). *Siglo XXI,* Madrid.**
- 7. Barranco, R. (1993). Ed. Tecnos, Madrid.**
- 8. Bueno Abad J.R. (1988). Ed. Mestral, Valencia.**
- 9. Campo Antoñanzas, M.A. Zaragoza. Ed. Escuela Universitaria de Trabajo Social 1988.**
- 10. García Herrero, G. (1998). *Siglo XXI,* Madrid.**
- 11. Grandal Nores, I. (1997).A Coruña: Edita *Los servicios sociales en las comunidades y ciudades autónomas.El Estado de Bienestar, objetivos, modelos y teorías explicativas.*Barcelona.**
- 12. Velarde Fuertes, J. y Cercas Alonso, A.(1999): ACENTO Editorial, Madrid.**
- 13. VV.AA. (1996). Ed. Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Santiago de Compostela.**
- 14. VV.AA. (1998).Ed. *El Modelo de los Servicios Sociales en el Estado de las Autonomías.***

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Servizos sociais especializados I/O05G220V01304

Servizos sociais especializados II/O05G220V01406

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Epistemoloxía do traballo social/O05G220V01204

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Fundamentos dos servizos sociais/O05G220V01104

Introdución ao traballo social/O05G220V01105

Outros comentarios
